



ACTA Nº 2020/1

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 17 de xaneiro de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARGARITA LAMELA LOUZAN

ASISTEN:

PSOE

RUBEN VILLAR AGULLEIRO

JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

EMILIA MARIA TRILLO LOJO

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

CESAR PEREZ MARTINEZ

PP

JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA

MARIA VICTORIA AREAS POSE

AGUEDA MARIA DIAZ MEJUTO

IXCee

MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE

RAMON VIGO SAMBADE

Grupo Mixto

JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO

SECRETARIO/A:

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTOR/A:

ROSA M^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

1. Proposta da alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento 2019 prorrogado para o 2020.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día martes 14 de xaneiro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME:**

"2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento do ano 2019 prorrogado para o ano 2020.

Considerando a seguinte:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2019 prorrogado para o ano 2020.

EXPEDIENTE Nº: 2020/A007/000001

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a tramitación que consta no expediente, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2019 prorrogado para o ano 2020, para que a subvención que se outorga para gastos de funcionamento a favor da **Fundación Fernando Blanco (CIF G 15290828)** teña o carácter de prepagable.

SEGUNDO. Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO. Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente ningunha reclamación.

CUARTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

QUINTO. A entidade sen prexuízo das obrigas de xustificación sinaladas na Ordenanza Reguladora de Subvencións do Concello de Cee e na lei xeral de subvencións deberá acreditar con carácter previo ó pagamento:

1. Aval bancario ou metálico ou calquera das formas de garantía previstas nas normas de contratación polo importe de 18.000€ a favor do Concello de Cee que garante a xustificación da subvención.
2. Declaración xurada de que se compren os requisitos do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
3. Certificados de estar ó corrente coas obrigas tributarias (Estado, CCAA e Concello) e coa seguridade social.
4. Certificación bancaria acreditativa da conta a nome da entidade na que se fará o ingreso da subvención.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 4 abstencións (grupos políticos Independentes por Cee, BNG e Grupo Mixto) e 4 votos a favor (grupos políticos PSOE e PP).

Cee, martes 14 de xaneiro de 2020

A secretaria,

A presidenta, MARGARITA LAMELA LOUZAN.”

INTERVENCIONS

Sra alcaldesa: a situación da Fundación pola falta de colaboración de Ferroatlántica situación delicada, fai necesario someter a consideración do pleno a aprobación de que a subvención sexa pre-pagable, algunha intervención?

Sr Dominguez García: como lle dixemos na comisión vamos a votar favorablemente inda que bueno agora é practicamente xa non hai remedio pero creo que elixiu o camiño mais complicado por exemplo neste caso concreto, unha vez que aprobemos esto hai que someter a público e unha vez



aprobado para que a Fundación poda cobrar ten que presentar un aval bancario, que é o mesmo para o banco que faga o aval o mesmo risco que un crédito ponte ou unha conta de crédito que poría a disposición da Fundación os 18000 euros e ir dispoñendo das cantidades que solo terían que pagar os intereses do diñeiro disposto, evitamos este traballo todo e incluso aforabamos o pleno. Por outro lado reiterarlle unha vez mais o renunciar a presidir a Fundación Fernando Blanco non poderei estar de acordo nunca, traballarei no sentido que se volva a recuperar, como lle dixen na comisión propoñolle e espero que o aga en breve a creación dunha comisión que leve única e exclusivamente o tema da Fundación Fernando Blanco para buscarlle unha solución definitiva, val a pena é un patrimonio importantísimo que temos aí que outros con bastante menos sácanlle bastante mais produto e fago unha crítica xeral para todos non lle estamos sacando ningún beneficio a Fundación Fernando Blanco de Lema creo que a renuncia practicamente sería casi o principio do fin da Fundación e eu con eso non podo estar de acordo. A Fundación Fernando Blanco non é que sexa de Cee e que é o propio Cee, Cee -Fundación Fernando Blanco é Cee e sempre pretendiuse tanto polos albaceas como por todos que a fundación estivera presidida polo mais alta instancia do Concello que sería o Ayuntamiento de Cee, neste caso o alcalde, entón unha vez que o ayuntamiento se retira e desaparece o alcalde como presidente desvirtuase por completo a fundación, recordo a importancia da Fundación sendo eu alcalde no 2001 cando se inaugurou o museo sendo o Sr Vigo, concelleiro de cultura invitáramos a inauguración que dera unha charla a Marta Rivera de la Cruz, porque a invitamos porque estaba escribindo un libro de historias de ficción e visitara unha exposición en Madrid onde viu unha peza que lle chamou moito a atención e o acercarse viu *pieza cedida por la Fundación Fernando Blanecco de Cee -la Coruña*, ela como é galega, agora foi diputada de cidadanos e agora creo que consejera, daquela era escritora e non moi conocida o día seguinte chamou a Cee falou co colexio, co director supoño Casas e Casas por encima lle explicou o que era a Fundación e quen era Fernando Blanco, que marchara de Cee xoven, que fixo fortuna en Cuba e que todo eso o cedera o pueblo de Cee facenda un colexio osea un instituto porque todo eso basandose na calidade da peza que viu na exposición, incluíu unha historia no libro sobre Cee e sobre Fernando Blanco, a Cee chamoulle Villa Blanca lle chamaba, o día que o presentou a crítica dixo que todas as historias eran creíbles menos a última de Fernando Blanco que lle parecía increíble, conto esta anécdota a modo da importancia que ten a Fundación que insisto nos o mellor damos menos importancia da que ten pero creo que Cee sempre estivo moi pegado aínda que agora hai outro instituto eu o pouco que sei e aprendín o debo o Colegio Fernando Blanco e moitos viviron gracias a pasar por Fernando Blanco por eso a miña decisión e neste estivo equivocada (**INCIDENCIA: o Sr Pérez Martínez fai entrada no Salón de Plenos ás 20:05 horas**) non somos sospeitosos de complicar a vida o goberno, lle pido que fagamos unha comisión e volvamos a recuperar esto, recuperar a presidencia da Fundación e que tratemos entre todos buscarlle unha solución de forma definitiva porque creo que a ten. Moitas grazas.

Sra alcaldesa: la importancia de la Fundación no se la vou a sacar porque para mi es sumamente importante la fundación, que hay que buscar una solución estoy completamente de acuerdo pero una solución técnico jurídica que sea y coincido con usted, sea definitiva, pero la realidad a día de hoy o desde como explicaba la interventora el día de la comisión, desde la Ley de Transparencia y conforme constan en los informes de secretaría e intervención de este concello advierten de la incompatibilidad entre el cargo de Presidente y alcalde o alcaldesa de la Corporación, para realizar el pago como sabe usted Sr Dominguez hay un reparo suspensivo que obliga a levantar reparo facultad no delegable y competencia del alcalde igualmente por parte de la secretaria en su informe considera que puede existir una causa de prohibición para que la Fundación pueda percibir la subvención por parte del concello, prohibición que según criterio de la propia secretaria se extiende a las personas jurídicas que ostentan la representación de ahí el motivo por el que me llevó a tener que presentar la renuncia una renuncia que en todo caso, tengo una reunión el lunes con todos los miembros de la Fundación donde haré constar en el acta correspondiente la necesidad de buscar una solución técnica jurídica a los efectos de que sea compatible la presidencia con la alcaldía o en su caso el alcalde o alcaldesa posterior o cuando quiera si quieren volver a retomar lo que es la presidencia y así lo haré constar en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



el acta correspondiente, en todo caso es necesario buscar una solución técnico jurídica definitiva que sea compatible y no ponga en riesgo el pago de la subvención a la propia fundación y como alcaldesa y cualquier miembro de la corporación si estuvieran en mi lugar trabajarían por la Fundación porque es fundamental pero quiero hacer las cosas bien, y como las quiero hacer bien considero que era necesario renunciar para poder hacerlo bien.

Sr Dominguez García: de todas formas sin poñer en cuestión os informes de intervención e secretaría, elixiu o peor camiño porque aínda que tivera que deixar a presidencia que sería a última hora non había presa facendo da forma que lle dixen, facendo a Fundación ca subvención que ten concedida que figura no presuposto a según lle dan o aval tamén lle daban o crédito sin problema e no suposto de ter que dimitir que teríamos que mirar e buscar solución tiña tempo aínda non había tanta prisa en que Vde houbera renunciado non había prisa porque aínda hoxe estamos aprobando esto.

Sra alcaldesa la situación de la Fundación es que descontados los gastos que hay que realizar a hacienda, seguridad social y alguno más quedaban a final de este mes 529 euros, entonces la opción es o bien que sea prepagable que tienen que presentar un aval bancario donde yo fui a preguntar a la propia entidad bancaria y de las dos opciones que me acaba de decir siempre sale mucho mejor el aval y en el aval se puede poner como garantía los propios bienes de la fundación.

Sr Dominguez García: en el crédito igual.

Sra alcaldesa: el préstamo sale peor.

Sr Dominguez García: elmismo riesgo para el banco.

Sra alcaldesa: sale peor que miré las condiciones en cualquier caso son los miembros de la Fundación los que tendrán que mirar por lo que optan, siempre desde que entré me dijeron que la subvención pre-pagable siempre me solicitaron esta opción y consideré que darle la posibilidad de poder hacerlo y para pagar de manera parcial lo que se venía haciendo si no me equivoco y Sr vigo creo que es así una a mediados y otra a final de año pero no le dá, intenté y hablé con la Diputación para que pudiera darle los 22000 euros con anterioridad pero me dijeron que era totalmente imposible hasta marzo, el problema es que si no hay dinero para pagar seguridad social no va tener derecho a cobrar la subvención de la Diputación y entramos en un bucle y como opción lo que vi por el bien de la Fundación y por el propio concello fué esta opción, podrán estar de acuerdo o desacuerdo pero bajo mi criterio para la Fundación esta opción considero es la mejor y ellos opten entre pedir un préstamo o que sea prepagable en todo caso lo que se me transmitió desde los miembros de la Fundación es que la subvención fuese prepagable.

Sr Vigo Sambade: ben, vou comenazar que non era a miña idea referíndome as palabras do Sr Dominguez porque é certo que plantexaba cando fun concelleiro de cultura Marte Rivera de la Cruz que foi a última deputada que tuvo Ciudadanos pola Coruña na anterior lexislatura e actual conselleira non sei de que área na Comunidade de Madrid, escribiu un libro onde un tercio mais ou menos recrea a vida de Fernando Blanco de forma ficticia pero moi realista, entón naquel momento nos puxemos en contacto con ela para que viñera aquí e fíxese un acto que se fixo neste salón de plenos no que eu non puiden estar pero que si se fixo e pola importancia que nos consideramos de que unha escritora de prestixio fíxese un ha obra na que reflectise a importancia da Fundación Fernando Blanco, esa é unha realidade das moitas que se poden sacar de algo como a Fundación Fernando Blanco que non é algo habitual nin típico nin ten nada que ver con moitas das que hai no arredor que pretenden compararse porque non ten nada que ver no seu orixe nin na repercusión no futuro non so do pobo onde se trasladou senón na súa contorna e mais alo da contorna. Hoxe estamos nun pleno extraordinario que podería ser ordinario porque o punto que se trae é algo que realmente non ten moita complexidade en condicións normais xeneraría unanimidade seguramente dos grupos políticos, si unha subvención á Fundación é prepagable, postpagable ou mediopensionista eso non é realmente importante o que é importante o que é transcendente é que o que hoxe se vai votar aquí leva aparelado unha abdicación, que non ven motivada nin por corinas nin por elefantes, ven motivada por



cuestións puramente técnicas e informes técnicos de realidades que o final eu xa non sei si realmente val a pena adicarse a política dende o punto de vista ideolóxico que sexa porque o final esto ten que ser unha obra de inxeniería dende un punto de vista do dereito, o final sobramos todos, nos vamos para casa e que aquí nos administren e nos nos vamos porque realmente ninguen dos que estamos aquí, políticos cremos que o Concello de Cee que Vde representa porque é a alcaldesa de Cee de todos os ceenses non entende que teña que deixar de ser a representante a presidenta da Fundación que está implicada mesturada hasta o final co concello de Cee non hai nada en Cee que se mesture tanto co pobo como a Fundación Fernando Blanco e que o máximo representante que é a alcaldía sexa unha alcaldesa ou alcalde teña que renunciar a presidir eso para que funcione pois teremos que plantexar si falla a lexislación e non dependerá de nos ou si fallamos nos e non somos capaces de darlle solucións alternativas a realidade que se plantexa, polo tanto non estando en desacordo co feito de que se faga o que se pretende porque tampouco podemos estar en desacordo non estamos a favor no sentido de que eso supón que Vde renuncie como representante de todos os ceenses a presidir a Fundación Fernando Blanco e aí si que non estamos de acordo e por suposto que nos brindamos a participar en calquera comisión ou calquera órgano que se cree para buscarlle alternativas a situación que se plantexa pero non pode ter o apoio do noso grupo pero tampouco o voto contrario porque realmente non tería sentido, o posicionamento do grupo IXCee vai ser a abstención.

Sra alcaldesa: solo una cuestión, es evidente que este asunto podía ir al Pleno ordinario de finales de enero pero el motivo de hacerlo por vía urgencia sabe perfectamente que tiene que estar publicado 15 días y antes de que los miembros de la Fundación puedan optar a que sea prepagable y en febrero una deuda de la seguridad social fue el motivo por lo que se trae por un pleno extraordinario. Con relación al resto evidentemente solamente decirle que tomando esta decisión, llevo 6 meses fue la más difícil y la que mas me costó pero los informes están ahí, usted los conoce perfectamente y estamos sujetos a los criterios de la secretaria e intervención del propio concello por muchos informes que pidamos, entonces fue una decisión difícil.

Sr Vigo: eu respeito profundamente a súa decisión e as suas decisións simplemente teño que dicirlle que o meu sentir e Vde sabe que trouxome moitos problemas negarme a que a tecnocracia impere na democracia e dicir a tecnocracia é importante, a tecnocracia é necesaria pero a tecnocracia non pode estar por enriba das decisións dun pobo, a decisión deste pobo é que Vde fose alcaldesa de Cee e por ende presidenta da Fundación Fernando Blanco.

Sra alcaldesa: la decisión de la alcaldesa es que hay que buscar una solución técnica jurídica que permita esa compatibilidad y que desde que se dictó la Ley transparencia esa compatibilidad no existe y hay que adaptarse a la nueva legislación y nos tenemos que ir adaptando, hubo cambios desde tiempos inmemorables hasta ahora, hay que ir adaptandose a las nuevas leyes, modificandose y buscar soluciones dentro de los parámetros y ámbito legal.

Sr Dominguez Louro: o pasado martes ou mércores cando foi a comisión, pois houbo un debate amplo e falamos largo e tendido nos os membros da comisión primeiro falou o Sr Dominguez como agora despois o Sr Vigo e no meu turno pois dixeran que estaba de acordo coas dúas intervencións, hoxe volvo a facer exactamente o mesmo, subscribo cada unha das súas palabras porque ademais teño que reconecelo que me gusta ese énfase que lle meten, se nota que ocuparon a presidencia na Fundación e botanlle unha pasión que me gusta, eles explicaron perfectamente e non vou redundar sobre eso o noso voto vai ser afirmativo porque por un lado entendemos que non pasa nada o contrario, paréceme perfecto que a Fundación teña esa subvención prepagable para que podan dispoñer dos cartos o antes posible o que non concordo e na rapidez ou non rapidez quizais do Pleno si é necesario polos tempos que marca a Lei que teña que ser ten que ser e punto o que si está claro evidentemente é que a Fundación depende deses cartos e o soldo dunha persoa depende deses cartos e os problemas que podan vir tamén e non pasa nada porque teñamos que estar hoxe aquí e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



non esperar 15 días que poidan ser malos, xa digo, nos vamos apoiar, apoiamos tamen como dixo o Sr Dominguez esa petición desa comisión porque hai que ter unha solución o mais rápido posible e mais fiable posible e eso vai levar tamén o seu tempo, xa dixen estou seguro que podemos buscar unha solución e non debería ser nin moito menos tan complicada, si por poñer un pero e unha censura temos que censurar dende o grupo BNG a nota que saiu o outro día na prensa onde saían un lote de datos económicos da Fundación que creo que eran obviados, non era necesario dar tantos datos incluído o soldo do persoal, a realidade poderíase baixo a nosa opinión discurrir doutra maneira sin ser tan meticulosos nestes datos, polo resto nada, vamos apoiar e canto antes vamos intentar ou intentemos buscar esa solución que entre todos malo será que non atopemos.

Sra alcaldesa: con relación al tema de la comisión matizar que ya manifesté en la comisión que así se hará, en la mayor brevedad posible convocaremos una comisión, espero que se traigan propuestas de solución para estudiarlas y en relación a los datos, los gastos e ingresos de la Fundación son Gastos que son públicos y deben conocerse, no veo el problema en que los ceenses conozcan los gastos de la Fundación y el salario de personal que perciba al fin de cuentas se paga con la subvención que procede del Concello u otros ingresos de la red de patrocinadores y anteriormente también de Ferroatlántica, no hay nada que ocultar, hay que conocer todos los datos.

Sr Dominguez Louro: moi rápido si é certo que a Fundación depende en boa parte dos cartos que recibe de subvención pero hai unha parte que non é así, estamos falando dunha Fundación privada que aínda que teña un vínculo especial co Concello e todos os ceenses tamén ten a súa parte privada e simplemente pareceume, pareceunos excesivo dar tanto detalle tan meticulosamente eses detalles creemos que era innecesario e abrir un debate que seguro xa está na rúa de si esto es mucno es poco o joder que canto cobran e canto non cobran e perdón pola expresión, é algo que non debemos entrar aí xa o dixen na comisión, son tamén e volvo a dicilo é certo que a carga do traballador é evidentemente a carga mais importante economicamente que ten a Fundación pero é que a Fundación sin un traballador ou traballadora non tería ningún sentido porque perdería toda a fiabilidade de traballo e fiabilidade de manter o legado como debe de ser de Fernando Blanco mais alo diso non vou a ir, simplemente nos parece excesivo era mais fácil ingresos e gastos e acabouse pero Vdes o decidiron asi e nos estamos en desacordo e nada mais.

Sra alcaldesa: reiterar que yo considero que justo es necesario que los ceenses sepan cuales son los Gastos que tiene la Fundación con todo el detalle.

VOTACIONES

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	-	2	-
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIONES	-	-	3	-	1

Ás 20:25 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán